

**ELECCIÓN 2010 DO REITOR OU DA REITORA E DE REPRESENTANTES NO CLAUSTRO
UNIVERSITARIO E NOS CONSELLOS DE DEPARTAMENTO**

001720 23.02.2010 12:42

**CONVOCATORIA DE ELECCIÓN 2010
Acordo da Comisión Electoral Central do 23 de febreiro de 2010**

De conformidade cos Estatutos e o Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, e vista a resolución reitoral do 23 de febreiro de 2010 pola que se convocan eleccións do reitor ou da reitora, a Comisión Electoral Central, na súa reunión do 23 de febreiro de 2010, acordou convocar eleccións de representantes no Claustro Universitario, e nos consellos de departamento, así como aprobar as seguintes regras de desenvolvemento:

PRIMEIRO.- As eleccións convocadas son:

1. **Eleccións do reitor ou da reitora**, segundo a Resolución reitoral do 23 de febreiro de 2010, a presente normativa, e a ponderación do voto prevista no artigo 48 do Regulamento Electoral Xeral, que determina os seguintes sectores electorais e tendo en conta a nova estrutura de estudos:
 - 1.1. Persoal docente e investigador (PDI) funcionario doutor.
 - 1.2. Outro Persoal Docente e Investigador, distribuído nos seguintes subsectores:
 - 1.2.1. Profesorado funcionario non doutor.
 - 1.2.2. Profesorado contratado das seguintes categorías: profesor contratado doutor, profesor colaborador, profesor axudante doutor ou axudante.
 - 1.2.3. Outro PDI contratado.
 - 1.3. Investigadores en formación e estudantes de terceiro ciclo e posgrao (propio), distribuídos nos seguintes subsectores:
 - 1.3.1. Investigadores en formación.
 - 1.3.2. Estudantes de terceiro ciclo e posgrao (propio).
 - 1.4. Estudantes de primeiro e segundo ciclo (licenciaturas, enxeñarías, diplomaturas, grao e máster).
 - 1.5. Persoal de administración e servizos
2. **Eleccións de representantes no Claustro Universitario** dos mesmos sectores indicados para a elección do reitor ou da reitora.
3. **Representantes nos consellos de departamento** dos seguintes sectores:
 - 3.1. Persoal docente e investigador non doutor con dedicación a tempo parcial e investigadores en formación (*agás no suposto previsto no apartado oitavo, letra c, desta convocatoria*).
 - 3.2. Estudantes de terceiro ciclo
 - 3.3. Estudantes de primeiro e segundo ciclo (licenciaturas, enxeñarías, diplomaturas, grao e máster)
 - 3.4. Persoal de administración e servizos.

SEGUNDO.- Calendario electoral:

Publicación do censo provisional	Dende o 24 de febreiro
Reclamacións ante a Secretaría Xeral contra o censo provisional	24 de febreiro ao 8 de marzo
Resolución da Secretaría Xeral sobre rectificación do censo	10 de marzo
Recursos ante a Comisión Electoral Central (CEC) contra o censo	11-15 de marzo
Publicación do censo electoral definitivo	18 de marzo
Presentación de candidaturas	20 de marzo, ao 7 de abril
Proclamación provisional de candidatos	12 de abril
Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional de candidatos	13, 14, 15 de abril
Proclamación definitiva de candidatos	19 de abril
Sorteo de membros das mesas electorais	19 de abril
Campaña electoral	20 de abril ao 3 de maio
Prazo para exercer o voto anticipado	29, 30 abril e 3 de maio
Xornada de reflexión	4 de maio
Votacións	5 de maio

O calendario posterior ás votacións será distinto segundo os procesos electorais:

Elección:	Reitor/a	Órganos colegiados
Proclamación provisional de candidatos electos (ou candidatos a reitor/a que concorrerán á 2ª volta)	7 de maio	10 de maio
Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional de electos (ou candidatos a reitor/a na 2ª volta)	8-14 de maio	11-18 de maio
Proclamación definitiva de candidatos electos (ou de candidatos/as a reitor/a que concorrerán a 2ª volta)	18 de maio	24 de maio
Prolongación da Campaña Electoral de segunda volta	19 ao 22 de maio	
Voto anticipado	20 e 21 de maio	
Xornada de reflexión	23 de maio	
Votación da segunda volta (no seu caso)	24 de maio	
Proclamación provisional do/a candidato/a electo/a	26 de maio	
Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional	27 de maio ao 1 de xuño	
Proclamación definitiva do reitor ou da reitora electo/a	4 de xuño	

TERCEIRO.- A xornada de votación será o día **5 de maio de 2010 entre as 10:30 e as 18:30 horas sen prexuízo do disposto para o voto anticipado**. A Comisión Electoral determinará os locais de votación unha vez publicado o censo electoral definitivo.

CUARTO.- Serán **electores e elixibles** en cada sector ou subsector as persoas censadas neles de conformidade coa normativa electoral.

QUINTO.- Unha vez publicado o censo definitivo, a Comisión Electoral Central determinará o número de representantes a elixir por cada sector ou subsector e circunscrición.

SEXTO.- A presentación de escritos relacionados con esta convocatoria farase por instancia dirixida ao presidente da Comisión Electoral Central, e deberán entregarse no **Rexistro Xeral** da Universidade (Lugo e Santiago de Compostela), **antes das 14:00 horas** do día no que remate o seu correspondente prazo de presentación. Nos rexistros e na web electoral (www.usc.es/elecciones2010), estarán dispoñibles modelos de ditas instancias. As candidaturas tamén poderán presentarse nos rexistros dos centros.

SÉTIMO.- Cando os/as candidatos/as pretendan formalizar unha agrupación electoral aos efectos de presentar candidaturas, realizar a campaña electoral e nomear interventores (art. 25 REUSC), a agrupación deberá estar inscrita no Rexistro de asociacións da USC ou, noutro caso, o representante da agrupación deberá solicitar á Secretaría Xeral a través do rexistro xeral da Universidade (Lugo e Santiago de Compostela), no modelo establecido e no prazo de presentación de candidaturas, concorrer como agrupación electoral e nomear a un/unha representante que deberá responder dos dereitos e obrigas fronte a USC e fronte a terceiros. En ausencia destes requisitos, a Secretaría Xeral aceptará a candidatura e constará no apartado de agrupación "ningunha".

Co obxecto de tender á paridade na composición dos órganos colexiados, as agrupacións electorais procurarán non presentar máis dun 60% de membros dun mesmo sexo en cada circunscrición na que concorran.

OITAVO.- En relación ás eleccións de representantes de Claustro e Departamentos non será preciso someter a votación a elección de representantes nos seguintes casos:

a) Cando o número de representantes a elixir nun sector ou subsector e circunscrición sexa igual ou superior ao número de electores. Neste suposto serán proclamados membros do órgano correspondente todos os electores que presenten candidatura.

b) Cando o número de candidatas/os sexa igual ou inferior ao número de postos elixibles.

c) Cando nas eleccións de representantes nos consellos de departamento o número de representantes a elixir no sector de PDI non doutor con dedicación a tempo parcial e investigadores en formación sexa igual ou superior ao número de electores, serán proclamados membros do consello de departamento sen necesidade de presentar candidatura, por aplicación dos artigos 107.1 c) dos Estatutos e 56.1 a) do Regulamento Electoral Xeral.

NOVENO.- Na presentación de candidaturas os/as solicitantes deberán acreditar a súa identidade ante o encargado do Rexistro mediante documento oficial de identificación ou tarxeta universitaria de

